

## COMUNICADO Nº2

## Asunto: COVID-19

Queridas familias:

Desde o colexio queremos transmitirvos a necesidade de que sexamos conscientes que á medida de suspender as clases por parte da Xunta de Galicia só será efectiva se mantemos a disciplina de estar en casa todo este tempo non acudindo a lugares nos que poidamos contaxiarnos sen sabelo, dada a evolución que se espera.

Durante todo este tempo que dure a suspensión das clases no Colexio, **os profesores/as do centro enviarán pola plataforma Esemtia as explicacións e tarefa a realizar polo alumnado na súa casa** segundo o horario habitual de materias de cada quen. É moi importante reproducir na casa o mesmo horario que no Colexio para non interromper o proceso formativo e lograr acadar deste xeito os obxectivos do curso, a pesares desta anomalía. **O plan de traballo do día será enviado polo profesorado o día anterior antes das 14:00 horas.** Este traballo é obrigatorio para o alumnado e será requirido cando se reinicien as clases de novo no centro.

Se algún alumno/a precisa recoller material no centro para realizar as tarefas indicadas (libros, libretas ...) poderá facelo en horario de 10:00 a 13:30 horas.

No que respecta a segunda avaliación, celebrarase a sesión da mesma nas datas que estaban establecidas ao inicio de curso. Para avaliar ao alumnado empregaranse as cualificacións e observacións existentes ata o intre da suspensión das clases. Os boletíns de cualificacións enviaranse por Esemtia na data establecida para dita entrega ao inicio de curso.

Calquera nova que xurda seguiremos comunicándoa por esta canle.

Por favor, non esquezades colaborar ao máximo entre todos/as para rematar con esta situación o antes posible.

***#QuedateEnCasa***

Sen outro particular recibide unha aperta.

Ourense, 13 de marzo de 2020

O director

Álvaro Cid Bragado